

PRÓLOGO

Os VI e VII Ciclos de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte tiveron lugar nos cursos académicos 2015-16 e 2016-17, na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física. Recibiron o apoio económico da Oficina de Cursos e Congresos (OCC) da Vicerreitoría de Estudantes, Deporte e Cultura e tamén da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da Universidade da Coruña.

Como en edicións anteriores, cada unha das conferencias dos ciclos foi destinada a un dos cursos do Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, aínda que puideron acudir todo o alumnado e persoal da UDC así como persoas interesadas nas temáticas das conferencias. A estratexia de organizalas para cada curso garante a asistencia do alumnado e a relación dos contidos específicos con diferentes materias e áreas propias de coñecemento na actividade física e o deporte dende a perspectiva de xénero.

No contexto da reconstrución histórica do folclore galego, a conferencia da grande recoñecida artista Mercedes Peón “*Unha perspectiva de Xénero*” revelou como a doxa actual capitalista reflíctese no ensino do folclore cunha escala de valores totalmente estereotipados, masculino e feminino segundo nos fai asimilar a doxa actual do mundo occidental. O seu discurso centrado no folclore da abraiante Galicia centrouse na revolución das tocadoras, na visión sistémica na tradición e no imaxinario sen xénero.

Trinidad Núñez Domínguez, catedrática e profesora titular na Facultade de Comunicación da Universidade de Sevilla impartiu a conferencia “*Cine, deporte e xénero. Da comunicación social a educación*”. Nela reflectiu co público respecto aos estereotipos que a sociedade manexa como representación das mulleres no deporte e o impacto que teñen os medios de comunicación na consolidación dos prexuízos sexistas no deporte.

As conferencias das Profesoras do IES de Mugar dos Leticia Ogando López e Covadonga Rodríguez-Moldes Rey trataron o xénero relacionado coas estratexias de empoderamento das rapazas no marco do ensino escolar a partir da actividade física, o deporte e o rendemento académico. En concreto as dúas conferencias achegan a estratexia coeducativa no centro, implicando aos diferentes axentes para transversalmente e a partir dos diferentes proxectos do centro educativo normalízase a participación de rapaces e rapazas en todas as actividades que se desenrolan no horario escolar.

“*Reflexión ética sobre la mujer en el deporte y en la vida. Un discurso en femenino*” foi o título da conferencia da Dra. en Ciencias do Deporte Teresa Marinho, profesora na Universidade de Porto. Cunha visión poética e crítica da discriminación da muller, a conferencia invitou a reflectir na perpetuación dos roles sociais asignados as mulleres nos diferentes contextos da vida e do deporte e a cuestionar a autoridade ética de ditos estereotipos.

Manuel Guerra Fernández, Inspector de Educación da Xunta de Galicia, foi o convidado que presentou a conferencia “*Cuestión de Igualdade=Cuestión de Educación*”. De xeito extenso e baseado na súa grande experiencia no coñecemento da

realidade dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia, o poñente fixo un amplo percorrido polo enfoque de xénero e a tarefa educativa, polo currículo oculto e a súa repercusión na aprendizaxe de valores e na perpetuación dos estereotipos; polos referentes para traballar a igualdade no ámbito educativo; polos documentos relacionados co proxecto educativo dos centros (pec) e a posible ubicación do plan de igualdade; pola convivencia e participación da comunidade educativa en aspectos relativos á igualdade de xénero; na materia de igualdade no decreto lexislativo 2/2015 da Comunidade Autónoma de Galicia; nos Principios que inspiran o proxecto coeducativo do centro en relación coa igualdade; e as orientacións metodolóxicas para a elaboración do plan de igualdade nos centros.

Para rematar, a conferencia de Elena Roca Moro, xogadora internacional de Rugby e adestradora dunha equipa masculina de Rugby, versou sobre a importancia do xénero do adestrador/a deportivo. Dende a súa experiencia persoal no deporte de alto rendemento vai desvelando como os diferentes axentes implicados na trama do sexismo no deporte contribúen a perpetuación dos roles de xénero atribuídos as mulleres no deporte concluíndo con propostas activas que rompan a construción socio-deportiva de ditos estereotipos.

Con esta publicación do VI e VII Ciclo de Conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte queremos deixar constancia da continuidade na carreira de fondo iniciada no curso 2009-10 e da aposta que dende a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, e o grupo de persoas que compoñen o Grupo de Estudos de Xénero, Actividade Física e Deporte (GEXAFD) faise por visualizar e reflectir na violencia, discriminación e desigualdade que por razón de xénero seguen a reproducirse no contexto da vida cotiá e do deporte e da actividade física.

Marta Bobo Arce
Coordinadora de Mobilidade e Relacións coa Sociedade
Facultade Ciencias do Deporte e a Educación Física
Universidade da Coruña